

P  
R  
O  
G  
R  
A  
M  
A

## CAMPAMENTO URBANO VERÁN 2023: Señais do futuro

“Señais do futuro” quere ser a temática transversal para traballar os Obxectivos da Axenda 2030, que marcan o camiño cara un futuro sostible, é dicir, un camiño no que satisfacer as necesidades presentes sen comprometer as xeracións futuras. Para acadar estes obxectivos, é necesario un compromiso social, uns valores para coa sociedade e o planeta. Isto é o que se pretende traballar ao longo deste campamento: a maneira de conformar un futuro entre todos, con base no respecto e deixando pegada nun futuro mellor.

O fío conductor ao longo de todas as quincenas, serán as mensaxes que nos enviará a Dra. Elisa Ross dende o futuro. Elisa é unha gran científica que, vendo que o futuro peligra, contactará connosco para evitar a súa destrución. Para axudarlle, deberemos ir completando as distintas probas que nos pon, e ela nos confirmará se estamos a seguir o camiño correcto.

Para a introdución deste fío conductor, poderemos usar a historia de mensaxes recibidas da Dra. Elisa Ross, a cal nos irá guiando e indicando se o camiño que estamos a percorrer é o correcto e se a nosas accións están a deixar pegada no futuro.

### QUENDA 1: do 3 ao 14 de Xullo - DEFENSORES DA IGUALDADE

Traballando de forma transversal os obxectivos da Axenda 2030 (Fin da pobreza, Fame cero, Saúde e benestar, Educación de calidade e igualdade de xénero) na primeira quincena traballarase baixo o lema de Defensores da Igualdade e terá como obxectivo principal entender, fomentar e transmitir valores de equidade, respecto e empatía.

Para a sociedade actual e do futuro, estes conceptos son de gran importancia, xa que moitas das problemáticas actuais parten da desigualdade existente tanto sexa económica, por xénero, ou xeográfica.

### QUENDA 2: do 17 ao 31 de Xullo- ECOAXENTES!

O cambio climático e o aproveitamento e uso dos recursos existentes é un dos grandes temas de debate actualmente. Non se pode negar a importancia que ten coidar o noso planeta, polo que informar sobre as problemáticas que está a sufrir actualmente así como promover e incentivar accións favorables ao mesmo debería ser un dos obxectivos principais para acadar unha sociedade sostible e comprometida co medioambiente.

Nesta quenda, traballaranse os seguintes obxectivos comprendidos na Axenda 2030: Auga limpa, Produción e consumo responsable, Acción polo clima, Vida submarina e Ecosistemas terrestres.

### QUENDA 3 : do 1 ao 15 de Agosto- CIENTÍFICAMENTE TOLXS

Englobada dentro do apartado de Prosperidade, e baixo o lema de Científicamente Tolxs, esta quenda quere facer referencia a importancia da ciencia e da súa utilización na sociedade actual para asegurar un mellor futuro.

Os obxectivos da axenda 2030 que se tocarán serán: Enerxías Renovables, Traballo decente, Industria e infraestrutura, Redución da desigualdade e Cidades e comunidades sostibles.

Para acadar todas estas metas, convertiremonos en grandes científicos que coas nosas magníficas ideas faremos e construiremos un futuro máis próspero e divertido.

### QUENDA 4 : do 16 ao 31 de Agosto- CREADORES DE FUTURO

Por qué quedarnos ao marxe cando podemos ser partícipes na creación dun futuro mellor para as vindeiras xeracións? Por qué non deixar a nosa pegada na sociedade?

En base a estas dúas preguntas xira a temática desta quincena, na que a redución de problemas xerais actuais e a paz mundial serán os dous pilares a traballar (Obxectivo 16 da ODS).

Actualmente, as inxustizas, a desigualdade, as guerras e o pouco compromiso social está a ser a tónica na actualidade, polo que cambiar isto, xirar as tornas, converternos en axentes creadores de futuro, sentando unhas premisas, uns valores e unha obrigaón coa sociedade será o obxectivo máis importante que nos impondremos.

### QUENDA 5: do 1 ao 8 de Setembro - XUNTOS SOMOS MELLORES

Partindo do décimo sétimo e derradeiro obxectivo da ODS, o de Alianza, esta quenda versará sobre a importancia da cooperación, do apoio mutuo e do altruísmo para acadar a sociedade ideal do futuro